

PRESENTACIÓN DO LIBRO

Presentación o mércores 17 de novembro de 2010, ás 20.00 h,
na Biblioteca de Poesía “Uxío Novoneyra”
(Pazo de Vila Melania – Vilaboa).

Interveñen:


Celestino Poza Domínguez, concelleiro de Cultura.

Miguel Anxo Fernán Vello, editor.

Xosé María Barja Pérez, reitor da Universidade da Coruña.

Xosé Ramón Barreiro Fernández, historiador, ex-presidente da RAG.

Carlos Pereira Martínez, autor.



Presentación

Acollemos, na Biblioteca de Poesía “Uxío Novoneyra” de Culleredo a presentación do libro *A Galicia heterodoxa*, de Carlos Pereira Martínez, historiador do Concello de Culleredo, publicado pola editorial Espiral Maior.

Neste libro recolle e amplía o autor varias investigacións que deu á luz nos últimos anos, centradas, case todas, en ámbitos pouco explorados ou tratados pola historiografía galega: o mundo da heterodoxia, dos homes e mulleres que formaron parte de institucións ou entidades situadas nas marxes do pensamento dominante ou da relixión: francmasonería, teosofía, rosacruzismo, rotarismo, libre pensamento, dereitos de homes e mulleres, etc., comprobándose que Galicia non permaneceu allea a esas correntes defensoras da liberdade de conciencia.

Quedan convidados.

Celestino Poza Domínguez
Concelleiro de Cultura

Datos biográficos

Naceu en Montevideo (Uruguai), o 24 de marzo de 1959. Licenciado en Xeografía e Historia pola U.N.E.D., realizou os Cursos de doutorado en Historia Medieval, especializándose no tema da Orde do Temple. Membro da Sociedad Española de Estudios Medievales, da Asociación de Escritores en Lingua Galega, da Asociación Estudos Históricos de Galicia ou da Asociación de Xenealoxía, Heráldica e Nobiliaria de Galicia, entre outras..., ten pronunciado conferencias, ou participado en presentacións de libros ou outros eventos culturais en centros de ensino, asociacións culturais e veciñais, Concellos, Universidades... en toda Galicia.

Publicou os libros *Historia das parroquias de Sésamo e Sueiro* (1998); *O que fixeron en Galicia. 1936* (1998); *Fábrica de Armas de A Coruña* (1998); *Anxo Senra Fernández* (1999); *Os Templarios. Artigos e ensaios* (2000, edición en castelán en 2002); *A Cultura en Culleredo na IIª República: o “Ateneo de la Villa de Rutis”* (2001); *Miradoiro da Ría* (2001); *Asociacionismo e movemento obreiro en Oleiros (1900-1936)* (2002); *Germinal. Centro de Estudios Sociais* (2003, con Ana Romero Masiá); *O orballo da igualdade. Asociacionismo feminino progresista na*

Coruña (2005, con Ana Romero Masiá); *A Guerra da Independencia en Culleredo (xaneiro de 1809)* (2007).

Ten publicado máis de 150 artigos, en libros colectivos, actas de Congresos, revistas especializadas e de divulgación, e xornais, sobre diversos períodos históricos e temas de arte, música, literatura ou teatro.

Formou parte, a mediados dos anos 80, do colectivo poético *Os Habitantes do Lago*, editor dunha revista co mesmo nome. Ten poemas publicados en revistas como *Ó Loro*, *Os Habitantes do Lago*, *As follas de Sísifo*, *Olláparo*, *Cerne*, *Abeiro...*, catálogos de exposicións e libros. Obtivo premios literarios de poesía en certames en Culleredo, Cee, Noia ou Vigo.

Ilustrou números de revistas como *Ó Loro*, *Os Habitantes do Lago* ou *Galería*. Membro dos grupos *Suevia* e *Crise*, colabora en iniciativas da Asociación de Artistas Plásticos de Galicia. Tense ocupado igualmente, en textos publicados en libros, folletos e catálogos de exposicións, da obra de artistas como Manuel Romero, Alfredo Erias, Secundino Rivera, Manuel Gandullo, Julio Argüelles, Emilio Celeiro, Ramón Astray, Luis Romero, Lola Beade, Yolanda Dorda, Manuel Ayaso, Alfonso Costa ou Soledad Penalta, entre outros. E participou en exposicións, individuais ou colectivas, dende os anos 80, en diversos lugares de Galicia e Portugal.

Cursou estudos varios anos no Conservatorio de Música da Coruña. Foi un dos fundadores do Grupo de Teatro *Maiolongo* de Culleredo (1976) e director do grupo (1978). Sobre a traxectoria deste grupo preparou a edición, introdución e notas sobre o grupo de teatro Maiolongo de Vilaboa e *Camiñar a cegas, de Ramón Blanco Rey*, publicado nos Cadernos da Escola Dramática Galega, en 1991.

